

Bouvard e Pécuchet


Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos

- **Aproximación axeitada a Prisciliano**

Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario

Victorino Pérez Prieto

Galaxia, Vigo, 2010, 328 páxs.



Prisciliano é unha das figuras míticas da historia de Galicia, ata para dicir que o seu corpo é o que está enterrado realmente na catedral de Santiago e non o do apóstolo. Deostado por uns como heterodoxo, como fan Menéndez Pelayo ou López Ferreiro, é considerado por outros, como Otero Pedrayo ou o propio Castelao, un precursor do galeguismo e ata da singularidade galega, o pensador e home de acción que defendeu unha primitiva identidade de seu para Galicia fronte ao furor centralista da Igrexa de Roma ou do Imperio. Este libro de Pérez Prieto dános unha visión acaída de Prisciliano como teólogo, como reformador da Igrexa e mesmo como persoa profundamente vinculada coa súa terra e cos seus.

O autor comeza por situar a figura de Prisciliano na *Gallaecia*, provincia do Imperio romano, da segunda metade do século IV. Apoiándose nas testemuñas de que se dispón (Sulpicio Severo e outros) fixa o seu nacemento cara ao 350, no seo dunha familia senatorial. Estudará en Bordeos, baixo o maxisterio de Delfidio, que o introduciría non só no cristianismo, senón tamén nas doutrinas

gnósticas e mesmo no druidismo. Desfeita a escola de Delfidio pola xerarquía católica, viaxaría ata Exipto, onde entraría en contacto co gnóstico e maniqueo Marcos de Menfis.

Tras este período inicial de formación, Pérez Prieto sitúa a volta a Galicia de Prisciliano cara ao ano 379. Inicia agora o seu movemento de renovación, que Pérez Prieto, ao contrario dos devanditos Menéndez Pelayo e López Ferreiro, non considera en absoluto herético. O priscilianismo é un movemento que rexeitaba a unión Igrexa-Estado que se estaba a producir daquela no remate do Imperio romano, criticaba así mesmo a corrupción da xerarquía eclesiástica, pretendía que os leigos tivesen un papel maior no goberno da Igrexa ou propuña a igualdade home-muller de xeito que as mulleres puidesen mesmo acadar a categoría de doutoras da Igrexa. Impulsaba así mesmo a vida ascética e monacal. Mesmo se considera a Prisciliano un precursor do libre exame da Biblia proposto séculos despois na Reforma luterana. Tamén realizaría Prisciliano, a partir da doutrina católica, a crítica do escravismo ou das desigualdades económicas.

Estas ideas batían contra a concepción xerárquica da Igrexa que mantiñan bispos como Itacio e Hidacio de Mérida, que argallarán toda a trama que rematará por xulgar a Prisciliano en Tréveris e consideralo culpable de herexía, polo que será decapitado no 385 xuntamente cos seus discípulos ou seguidores Felicísimo, Armenio, Latroniano, Eucrocía, Xuliano, Aurelio e Asabo. A condena a morte veu motivada polas acusacións, inmotivadas, de maniqueísmo, maleficio, promiscuidade así como práctica da maxia e da bruxaría.

Relata así mesmo Pérez Prieto o traslado a Galicia dos restos de Prisciliano (xunto cos de Felicísimo e Armenio) e os seus posibles lugares de enterramento (San Miguel de Valga, Santa Eulalia de Bóveda e ata a propia Compostela). A peripecia das viaxes e xuízos de Prisciliano e os seus está presentado cun pulo narrativo que parece máis propio dunha novela ca dunha obra ensaística, o que é un acerto indubidable do autor.

A seguir o autor analiza polo miúdo as fontes en que se nos conserva o pensamento de Prisciliano, así como as interpretacións que recibiu este pensamento, como son os manuscritos que descubriu o investigador Schepss en 1885 e as interpretacións que do pensamento de Prisciliano fixeron investigadores estranxeiros como o propio Schepss, Chadwick ou Babut. Especialmente importante é a interpretación do pensamento priscilianista feita polo francés Babut, pola influencia que tivo sobre Otero Pedrayo ou Castelao, grandes creadores do mito do Prisciliano nacionalista galego. Non faltan tampouco a análise das interpretacións dos estudosos galegos como López Pereira, Chao Rego, Romero Pose e tantos outros.

Explica así mesmo de xeito moi oportuno Pérez Prieto como o nacionalismo galego (especialmente Otero Pedrayo e Castelao, ou mesmo Portela Valladares sen ser nacionalista) converteron a Prisciliano nunha sorte de galeguista do Imperio romano en tanto en canto defendía, segundo eles, a supervivencia do druidismo celta no seo do catolicismo ou propuña un catolicismo xenuinamente galego, enraizado no sentimento da terra, por exemplo, fronte ás arelas unificadoras da Igrexa de Roma ou do propio Imperio.

Moi apropiada é a presentación que fai da vida intelectual na *Gallaecia* e o estudo dos escritores e pensadores que xurdiron, posiblemente, á calor do movemento priscilianista, onde ocupa un lugar de honra Exeria, a primeira escritora galega e tamén a primeira muller escritora en latín.

Os dous derradeiros capítulos do libro dedícaos o autor a estudar a interpretación que a literatura lle deu á figura de Prisciliano, reservando un deles para a interpretación que do pensador galego fixo a xeración *Nós*, especialmente Otero Pedrayo e Castelao, e o outro para a interpretación dos autores

galegos posteriores a Nós.

Xa que logo, acaída visión de Prisciliano e do priscilianismo e que ten como principal virtude conectar a peripecia vital e intelectual de Prisciliano coa actualidade da Igrexa católica, pois moitas das preocupacións que levaron á morte a Prisciliano seguen a estar presentes hoxe como a discriminación que sofre a muller na Igrexa, a unión da Igrexa (especialmente en España e en Galicia) co poder político de dereitas e conservador, a loita entre unha Igrexa dos fieis e carismática fronte á Igrexa das xerarquías ou a mensaxe social que supón o cristianismo en canto á inxustiza da explotación económica. Pérez Prieto sabe tirar o que segue a ser actual e vixente das teorías e teimas de Prisciliano xa non na Igrexa, senón na nosa sociedade.

Cómpre sinalar que Pérez Prieto (e con el os Chao Rego, Torres Queiruga, os membros de *Irimia* ou *Encrucillada*, o hai pouco falecido Manuel Espiña e tantos outros) son expresión dunha Igrexa galega progresista, comprometida coa lingua e coa cultura de noso que, afortunadamente, nada ou moi pouquiño teñen que ver coa Igrexa ultraconservadora dos Rouco e similares. E tamén son sinal da vizosidade da lingua e cultura galegas, malia os intentos dalgúns por acabar con ela e facernos escravos da lingua única e do pensamento único. Contra isto xa loitou Prisciliano, como ben amosa Pérez Prieto, e nesas seguimos case dous mil anos despois. Puidemos co Imperio romano –hoxe ninguén lembra os emperadores Teodosio ou Máximo, pero si a Prisciliano– e esperemos hoxe tamén poder cos do pensamento único e da lingua tamén única e imperial. Obras como esta de Pérez Prieto ou como a Igrexa que el propón son un elemento de primeira orde nesta tarefa.

Manuel Rodríguez Alonso